

## IX Campamento Urbano de verán 2.009

Este verán porase en marcha o **IX campamento Urbano de Verán 2009 da Caniza**. A primeira quenda comeza o 15 de xullo. Está organizado e subvencionado polo Concello a través da súa Concellaría de Deportes e vai dirixido a nenos e xoves de idades comprendidas entre os 6 e os 14 anos. Nestes campamentos poden participar nenos da Vila e tamén doutros municipios limítrofes e salvo que se desborden as previsións non existe límite de prazas. Esta primeira quenda remata o último sábado do mes de xullo para dar paso a segunda quenda que se desenvolve durante a primeira quincena do mes de agosto. De luns a venres e durante tres horas pola mana, concretamente de 10:30 a 13:30 horas, os pequenos divírtense cos monitores de tempo libre, axudándolles e ensinándolles a relacionarse utilizando os xogos como instrumento mediador.

As actividades programadas para estes campamentos desenvólvense na piscina municipal ao aire libre de "As Grades" e no pavillón polideportivo do CPI de A Cañiza. Ademais de participar en competicións deportivas, incluída unha pequena olimpíada, os nenos aprenden a facer manualidades como volvoretas de cores ou avións con pinzas e cartón. Disfrutan cos xogos acuáticos e psicomotrices, con xogos de rastreo onde os nenos, axudados con algunhas pistas, teñen que atopar tesouros. Máis, sen dúbida, a actividade máis divertida do campamento é a do Día do Porco. Neste día os pequenos poden marcharse a pracer con chocolate, fariña e ovos. Unha vez rematada a festa todos a auga na Piscina Municipal.

Todas estas actividades están orientadas a mellorar as relacións sociais entre os máis cativos ademais de ensinalles novos xogos e métodos para sacarlle maior proveito ao seu tempo libre. O Campamento está subvencionado polo Concello nun 50%. Esta subvención está destinada unicamente aos nenos empadroados na localidade.

INSCRICIÓNS: a partires do día 1 do mes de xullo de 2009

LUGAR DE INSCRICIÓN: Oficinas municipais da Casa do Concello

Rúa Oriente, nº 11

Tel. 986 651 000 – 986 651 001

Fax: 986 651 190

